



BASES

XI CONCURSO DE DECORACIÓN DE ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS E HOSTELEIROS XXII FEIRA MEDIEVAL

Primeira

O Concello de Monforte de Lemos convoca o **XI Concurso de Decoración de Establecementos Comerciais e Hosteleiros**, actividade que se realizará dentro do programa de actos da *XXII Feira Medieval* do 2026.

Segunda

O obxectivo deste concurso é premiar os tres mellores establecementos que polo seu enxeño e ambientación medieval merezan a consideración do xurado, e así incentivar os monfortinos e os visitantes á participación e á ambientación nos actos organizados con motivo da *Feira Medieval*.

Terceira

Para participar no **concurso de decoración de establecementos** é necesario inscribirse oficialmente. As solicitudes de inscrición para a participación no concurso presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Monforte do 16 ó 31 marzo de 2026.

Cuarta

Poderán participar neste concurso os establecementos comerciais e hostaleiros sitos na cidade de Monforte. Tanto a temática como o deseño da decoración dos establecementos será acorde coa época medieval. Os establecementos comerciais participantes deberán de estar ambientados acorde coa época medieval como mínimo do 2 ó 5 de abril de 2026, datas nas que o xurado visitará os establecementos comerciais e hostaleiros inscritos.

Quinta

Criterios de valoración do xurado:

Valorarase a imaxinación, a idea, a estética, a orixinalidade, os materiais utilizados e a adecuada conxunción dos artigos comerciais do escaparate coa decoración medieval.

Co fin de que sexan obxectivas as cualificacións do xurado, cada criterio enumerado terá unha valoración entre 0 e 10 puntos cun máximo de 60 puntos por xurado.

Sexta: PREMIOS

1º premio 300,00 €	2º premio 200,00 €	3º premio 100,00 €	Accésits 50,00 €
--------------------	--------------------	--------------------	------------------

Os premios serán indivisíbeis e poderán quedar desertos algúns deles, segundo a decisión do xurado do concurso. En caso de empate decidirá o voto de calidade do presidente do xurado. O xurado terá liberdade para establecer as súas cualificacións.



O número máximo de accésit será de tres, sendo a contía máxima de gasto do concurso de 750,00 € e concederanse con cargo á aplicación 3340.481.00 do vixente orzamento municipal.

Sétima

O xurado do concurso estará composto por:

PRESIDENTE: A Delegada de Cultura ou persoa á que designe.

VOGAIS: 4 persoas que traballen nas diferentes empresas contratadas para o desenvolvemento da Feira Medieval e en agrupacións e asociacións relacionadas con feiras medievais así como representantes de asociacións e colectivos relacionados coa vida monfortina.

SECRETARIO: O técnico de cultura do Concello de Monforte, con voz e sen voto, que certificará o cumprimento das condicións establecidas nas bases do concurso.

A composición do xurado aprobarase e darase a coñecer polo Concello con antelación suficiente.

Oitava

A decisión do xurado e a entrega dos premios realizarase o domingo 5 de abril ás 19:00 h na praza de España.

Novena

Os aboamentos dos premios serán tramitados polo Concello de Monforte de Lemos, a través dunha transferencia bancaria. Previamente será necesario a presentación do certificado bancario cun número da conta do titular e xustificación nos termos sinalados nestas bases.

Non poderá realizarse o pagamento do premio mentres o beneficiario non se atope ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias ou coa seguridade social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Décima

A inscrición no concurso de *decoración de establecementos comerciais e hostaleiros* implica a autorización ó Concello de Monforte de Lemos de todos os participantes inscritos, da recollida e tratamento dos Datos Persoais dos participantes que teñen como finalidade a xestión do concurso convocado polo Concello, entrega de premios e publicación dos gañadores, así como na posible difusión dos documentos visuais recollidos na realización da actividade, documentos a utilizar polo Concello na súa páxina web, na elaboración de carteis, en folletos informativos ou outras posibles edicións municipais.

A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das bases. A decisión do xurado é inapelable. Contra a resolución definitiva que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición ante ó órgano que ditou a resolución de conformidade cos artigos 123 e 124 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses, perante o Xulgado co Contencioso - Administrativo de Lugo.

Décimo primeira

No non previsto nas presentes bases estarase ao disposto na ordenanza xeral reguladora da concesión de subvencións municipais e de xeito supletorio na Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de subvencións, no RD 887/2006 de 17 de novembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, e na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.